



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Expediente número: 2021/X999/000122

Procedemento: Proceso selectivo para a creación dunha listaxe de candidatos/as para cubrir postos de peóns de limpeza de instalacións, de conformidade coas bases aprobadas pola resolución da alcaldía de data 30/07/2021

ACTA N° 3 RESOLUCIÓN ALEGACIÓN ORDE DE PRELACIÓN DEFINITIVA

Lugar: Casa do Concello de Carnota

Data: 11/02/ 2022.

Hora de inicio: 10:00

Hora de finalización: 14:00

Asistentes:

Presidente: Inocencio Álvarez Lago.

Vogais: José Antonio Maceiras Martínez.

Jesús López Rama.

José Manuel Figueira Freire

Secretario: María Dolores Maceiras Martínez.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da sesión anterior.
2. Informar as alegacións presentadas.
3. Publicación relación definitiva
4. Elevación da proposta a alcaldía.

Reunidos os integrantes do Tribunal designado para o proceso selectivo indicado, aproban os seguintes



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión anterior.

Pregunta o Presidente se algún dos asistentes desexa formular algunha observación respecto da Acta nº2, da sesión anterior. Non se formulan observacións, polo que se considera aprobada por unanimidade.

2. Informar as alegacións presentadas.

O 2 de febreiro de 2022, conforme ao establecido na base 8ª da convocatoria para creación dunha listaxe de candidatos/as para cubrir postos de peóns/peoas de limpeza de instalación, fíxose pública a relación de aprobadas por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na web municipal.

Deuse un prazo de dous días hábiles coa finalidade de que as aspirantes puidesen presentar as alegacións que considerasen oportunas.

A tal efecto presentaron no prazo establecido escrito de alegacións as seguintes aspirantes:

-D.ª María Cruz Señorís Carballo solicita que se revise a formulación das cuestións 34 e 40, e se teña en conta a súa exposición.

.Pregunta 34. A pregunta di: *“Cal é o destino final dos residuos depositados no contedor de tapa verde”*

O Tribunal considera que a resposta correcta debía ser a b)

A Sra. Señorís considera que a cuestión leva a confusión, xa que os contedores de tapa verde non son os empregados a nivel xeral. A cor verde emprégase para o vidro, xa que para o orgánico a cor é marrón e o dos restos sería o gris.

Esta alegación acéptase xa que ao contedor verde débese depositar o vidro, un dos materiais que pode reciclarse infinitamente sen perder ningunha das súas propiedades, e en consecuencia a resposta inicialmente sinalada polo tribunal non é correcta, pois a compostaxe trátase de transformar residuos orgánicos en compost, tendo lugar cos restos que se depositan no contedor marrón, polo que o Tribunal acorda que debe ser substituída a resposta b) pola c).

.Pregunta 40. A pregunta di así: *“A que altura máxima sobre o nivel do mar está a Laxa da Moa no Monte Pindo.”*

O Tribunal considera que a resposta correcta debía ser a “b) 627”

A Sra. Señorís considera que as respostas levan a confusión pois indica que a cifra oficial que aparece na páxina web do Concello, carnota.gal e carnotaturismo.com, é de 642.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Esta alegación acéptase, pois datos existentes nas distintas páxinas de internet de organismos oficiais dan lugar a equivocación, polo que o Tribunal resolve anular a pregunta 40 do test e substituíla por unha de reserva.

-D.^a María Senande Caamaño considera que as preguntas 23 e 40 deben ser anuladas e a pregunta 28 debe ser corrixida polas razóns expostas no seu escrito.

.Pregunta 23. A pregunta di así: *“Un produto de limpeza cun PH10, diremos que é”*

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a *“b) desinfectante”*.

A Sra. Senande considera *“...Este deterxente tamén posúe propiedades desinfectantes pero non é un produto descalcificador, xa que para iso se precisa acidez.*

Esta alegación acéptase, porque efectivamente un produto de limpeza con PH10 é alcalino e polo tanto é un produto que posúe propiedades desinfectantes e limpadoras, especialmente se a sucidade contén pigmentos, proteínas ou graxas. Estas propiedades identifícanse coas repostas a) e b) das alternativas no test.

Considerando que non é posible seleccionar dúas respostas, o Tribunal resolve anular a pregunta 23 e substituíla por unha de reserva.

.Pregunta 28. A pregunta di así: *“Os aditivos son produtos para o lavado de:”*

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a *“b) Roupa”*

A Sra. Senande considera *“...Como queda xa claro na definición e nos tipos de aditivos, calquera produto de limpeza posúe aditivos, a non ser os xabóns naturais”*

Esta alegación acéptase porque efectivamente, as consideracións da alegante son correctas.

En consecuencia, a resposta inicialmente sinalada polo tribunal non é correcta, resolve acordar que debe ser substituída pola d)

.Pregunta 40.

A Sra. Senande alega en síntese as mesmas consideración que a Sra. Señorís, considerando *“...segundo a páxina web oficial do concello de Carnota a altura da Moa é 642 metros, e en ningunha das respostas aparece esa cifra”*

Esta alegación xa foi aceptada resolvendo o Tribunal a súa anulación polos motivos anteriormente expostos e substituíndose por unha reserva.

Considerando que o Tribunal acordou anular as preguntas número 23) e 40) do test, estas substitúense pola primeira e segunda de reserva respectivamente.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Logo de informar e resolver as alegacións presentadas, o Tribunal acorda recalcular as puntuacións en función das alegacións estimadas.

3. Publicación relación definitiva

De conformidade coa base oitava da convocatoria, rematada a avaliación das aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, vistas e informadas, faise pública a relación coas puntuacións por orde decrecente e orde de prelación das persoas aprobadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello.

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN
Señorís Carballo, María Cruz	8,75
Senande Caamaño, María	8,25
Vázquez Blanco, María	7,50
Pedrosa Senande, María Noelia	7,50
Rodríguez López, María Manuela	7,00
Louro Fiuza, Juana	6,25
Saborido Trillo, María Goretti	5,75
Lago González, María Elisa	5,50
Rodríguez Figueiras, María Dolores	4

O caso de empate, dirímese utilizado o criterio de maior número de respostas acertadas no segundo exercicio, de conformidade coa cláusula novena das bases da convocatoria.

ORDE DE PRELACIÓN DEFINITIVA DAS ASPIRANTES APROBADAS

Nº de orde	ASPIRANTE
1	Señorís Carballo, María Cruz
2	Senande Caamaño, María
3	Vázquez Blanco, María
4	Pedrosa Senande, María Noelia
5	Rodríguez López, María Manuela
6	Louro Fiuza, Juana
7	Saborido Trillo, María Goretti
8	Lago González, María Elisa



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

4. Elevación da proposta a alcaldía.

Rematado o proceso, o Tribunal acorda elevar á alcaldía a acta do proceso selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitiva de aspirantes.

Contra o acordado poderá interpoñerse recursos de alzada no prazo dun mes de conformidade cos artigos 121 e 122 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Presidente dá por rematada a reunión ás 14:00 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais presentes; dou fe.